

O regulado neste apartado sexto será de aplicación para o persoal en alta en data 31 de decembro de 2007.

Séptimo.—Nas rescisións dos contratos ou finalización dos mesmos, no momento da liquidación e finiquito, deberá estar presente, sempre que o traballador/a o solicite, o correspondente representante de persoal.

Octavo.—A empresa comprométese, segundo os termos da reunión do día 21 de novembro de 2007, a incorporar o cadro de persoal a traballadora D^a Isabel Santiso Penavella, como primeira en antigüedad na lista de substitucións, co réximen de quedas establecido na citada acta.

Noveno.—O aumento de plantilla previsto no convenio colectivo para o ano 2008 farase efectivo no primeiro semestre do ano en curso.

En proba de conformidade, e poñendo fin o conflito, asinan todas as partes a presente acta, conxuntamente co mediador, en Vigo, na data indicada, sendo as 14,30 h.

Vigo, a 21 de febreiro de 2008.—O Delegado Provincial, Pedro Borrajo Rivas. **2008002362**

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do convenio colectivo da empresa, URBASER, SA, (Limpeza viaria e recollida RSU de Redondela) con nº de código 3603081, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 06-02-2008, suscrito en representación da parte económica por unha representación da empresa, e, da parte social, polo delegado de persoal, en data 18-12-2007, e de conformidade co disposto no art. 90, 2 e 3, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordenar o seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.—Dispoñer a súa publicación, no “Boletín Oficial” da provincia.

CONVENIO COLECTIVO PARA OS TRABALLADORES DA RECOLLIDA DO LIXO DO CONCELLO DE REDONDELA ADSCRITOS A EMPRESA URBASER, S.A.

ARTIGO 1.—AMBITO DE APLICACIÓN

O presente Convenio Colectio afecta a todo o personal do lixo do concello de Redondela adscritos a empresa Urbaser, S.A.

ARTIGO 2.—DURACIÓN E VIXENCIA

O presente Convenio terá unha duración de dous anos, a contar do 1 de xaneiro do 2007 ata o 31 de decembro do ano 2008. No obstante seguirase aplicando ata a sinatura do novo Convenio que o sustitúa. Entrará en vigor no momento da súa sinatura.

O presente Convenio considerase automaticamente denunciado unha vez rematada a vixencia prevista, sen necesidade de preaviso algún.

ARTIGO 3.—CONDICIÓNS MÁIS BENEFICIOSAS

Tódalas condicións económicas e de calquera índole contidas no presente convenio, teñen carácter de mínimas, polo que os pactos, cláusulas ou situacións implantadas polas empresas e que impliquen condicións máis beneficiosas para os traballadores verbo do presente convenio, subsistirán para aqueles que as veñen disfrutando, pero sen que poidan interpretarse que sobre as chamadas condicións máis beneficiosas, teñan que computarse o melloramento económico que supón o presente convenio.

ARTIGO 4.—ABSORCIÓN

As melloras económicas contidas no seu conxunto no presente convenio compensarán ou absorberán aquelas melloras que se teñan producido voluntariamente e que veñan así calificadas na nóminas polas empresas dende a sinatura do último.

ARTIGO 5.—COMISIÓN MIXTA PARITARIA

Estarán formada por 2 representantes da parte económica e 2 da parte social. Ambas partes poderán contar con asesores e se reunirán a instancia de calquera delas, cantas veces sexa necesario debendo celebrarse a reunión dentro das 72 horas seguintes a convocatoria.

As súas funcións serán:

- Interpretación da totalidade das cláusulas deste convenio.
- Estudio e valoración das novas disposicións legais de promulgación posterior a entrada en vigor do presente convenio que puidesen afectar ó seu contido.
- Cantas outras actividades tendan a unha eficacia práctica do convenio e a unha mellor solución interna dos conflitos.

As reunións da comisión paritaria non se descontarán do crédito de horas sindicais.

ARTIGO 6.—INTERPRETACIÓN E APLICACIÓN

As dúbidas e diverxencias que poidan xudir sobre a aplicación deste convenio serán sometidas a comisión mixta paritaria antes de presentar a reclamación pertinente no organismo competente.

A comisión mixta deberá emitilo o seu informe nun prazo máximo de 72 horas, a partires da celebración da reunión.

As funcións e actividades da comisión mixta paritaria non obstruirán en ningún caso o libre acceso á xurisdicción administrativa e contenciosa prevista na lei.

CONDICIONS DE TRABALLO

ARTIGO 7.—XORNADA LABORAL

Establécese unha xornada anual de 1.575 horas de traballo efectivo, que corresponden a unha xornada diaria de 7 horas de traballo efectivo (incluídos 20 minutos de bocadillo).

A xornada de traballo do servizo de recollida distribúese de luns a sábado, os días 24 y 31 de decembro non se realizará o servizo de recollida.

Establécense as seguintes quendas de traballo:

1º.—Mañá - das 06:00 horas as 13:00 horas

2º.—Noite - das 23:00 horas as 06:00 horas

Será causa modificativa a decisión administrativa establecida polo Concello de Redondela nos supostos de forza maior.

ARTIGO 8.—DESCANSO

Os traballadores disfrutarán de un día de descanso semanal, rotatorio, para o que a empresa elaborará o correspondente calendario de libranzas con carácter mensual. Este día de descanso aboaráse igual que un día efectivamente traballado

Se o día de descanso coincidera con un festivo, a empresa comunicará ó traballador, con unha semana de antelación, o día en que disfrutará o descanso dentro da mesma semana, sen que esta modificación varíe o turno establecido.

Todo traballador que se atope en situación de Incapacidade Temporal por enfermidade común ou accidente, disfrutará o primeiro día de descanso rotatorio na semana posterior a súa reincorporación ó traballo.

Os traballadores no caso que desexen cambia-lo día de disfrute, entre personal da mesma categoría, deberán solicita-lo a empresa por escrito con unha semana de antelación. Calquera outra variación deberá ser autorizada por escrito pola empresa.

ARTIGO 9.—VACACIONS

1. Todo o persoal afectado polo presente convenio disfrutará de 30 días ininterrompidos de vacacións anuais retribuídas, ou a parte proporcional que lle corresponda en función do tempo traballado.
2. As vacacións disfrutaranse durante os meses de xullo e agosto. O inicio das vacacións terá lugar en día laborable que non sexa nin Sábado, Domingo, festivo ou día de descanso. A rotación de cada ano establecerase a través dun sorteo público.
3. Os traballadores da mesma categoría profesional poderán cambiar entre sí a súa quenda de vacacións, previa notificación a empresa.
4. Aboamento das mesmas, farase en función do salario base do convenio, antigüidade, plus de transporte (mais 6 días) e plus tóxico. O plus de transporte aboaranse a prorrata do tempo traballado durante o ano. Se abonará, durante o período vacacional anual, o prorrateo devengado dos tres últimos meses de plus nocturno, para aqueles traballadores que o viñeran disfrutando.
5. A empresa poderá conceder o persoal que o solicite o disfrute das vacacións fora do período establecido neste convenio.
6. Os traballadores que con anterioridade ó período vacacional se encontren en situación de IT, terán dereito ó disfrute das mesmas sempre que causen alta antes de finaliza-lo ano natural en curso.
7. Empresario sainte dunha contrata adxudicada a outra empresa, estará obrigada a liquidar a parte proporcional que lles corresponda ós/as traballadores/as no concepto de vacacións.

ARTIGO 10.—LICENCIAS

1.—LICENCIAS

previa solicitude dos traballadores afectados considerase licenza retribuída polo tempo e nos casos seguintes:

- matrimonio do traballador/a: 18 días naturais
- divorcio: 3 días
- matrimonio de pais, pais políticos, fillos ou parente que convivan co traballador: 1 día natural
- nacemento de fillo: 5 días laborais
- Falecemento, accidente, enfermidade grave ou hospitalización do conxuxe, pais, fillos (tanto de consanguinidade como afinidade): 5 días naturais.
- Falecemento, accidente, enfermidade grave ou hospitalización de avós, irmáns, netos, (tanto de consanguinidade como afinidade) : 4 días naturais.

Se entre o traballador e os parentes anteriormente detallados houbera convivencia, a licenza sería de 5 días naturais. O mesmo ocorrería se o falecemento ou enfermidade grave dos parentes anteriores se producise fóra de praza.

- a) Falecemento de tío: 1 día natural. Se existira convivencia entre o traballador e o falecido, a licenza sería de 2 días naturais
- b) Traslado de domicilio: 2 días laborais
- c) Os/as traballadores/as que cursen con regularidade estudos para a obtención dun título oficial académico ou profesional, terán dereito a un permiso retribuído do tempo necesario para concurrir a exámenes, previa comunicación do traballador/a á Dirección da Empresa con quince días de antelación e xustificación correspondente.

As referencias que os apartados d) é e) do presente artigo fan á cónxuxe e o cónxuxe respectivamente, entenderanse feitos, aismesmo, ó compañeiro/a que en situación estable e acreditada conviva co traballador/a.

Igualmente o traballador, solicitando coa debida antelación, terá dereito a dispoñer de ata quince días de permiso repartidos nun máximo de dúas veces ó ano, non retribuídas pola empresa.

2.—ASISTENCIA A CONSULTORIOS MÉDICOS

Tódolos/as traballadores/as terán dereito a unha licenza retribuída polo tempo necesario para aistir a consultorios médicos.

O/a traballador/a que teña que acudir a un consultorio médico estará obrigado a avisar anticipadamente á empresa, debendo xustificar, por outra parte, que foi atendido polo facultativo correspondente, a xustificación será válida cando incorpore como mínimo a seguinte información:

- Nome do paciente
- Hora de entrada da consulta
- Hora de saída da consulta
- Lugar da atención
- Nome, firma e selo do facultativo..

Co fin de axilizar os trámites, a empresa disporá do parte adecuado que deberá de ser solicitado polo traballador previo a consulta e deberá de ser entregado o día seguinte. A ausencia de este parte implicará a perda do día de traballo.

Así mesmo, terán dereito a asistir a consultorio médico con fillos menores ou fillos minuválidos calquera que sexa idade, cun máximo de tres veces ó mes.

Este punto será de aplicación sempre que a súa xornada laboral coincida co horario da consulta médica, co horario da súa cónxuxe, compañeiro ou compañeira. Os procesos de rehabilitación non terán a consideración de consulta médica a efectos do dereito regulado neste punto.

ARTIGO 11.—INCAPACIDADE TEMPORAL

No caso de I.T., derivada de accidente laboral ou enfermidade profesinal, a empresa completará ata o 100% salario real dende o primeiro día de baixa.

Do mesmo modo complementarase o 100% de salario real dende o primeiro día, en caso de accidente in itinere, entendendo como tal, aquel que producese durante o desprazamento entre o domicilio habitual e o centro de traballo, sempre e cando o accidente que derive o feito cusante se produza nunha hora (60 minutos) antes do inicio da xornada e ó rematar a mesma.

No caso de IT, derivada de caso de enfermidade común ou accidente non laboral a empresa completará según a seguinte escala:

1. A empresa completará o 100% de salario real dende o primeiro día de baixa do ano.
2. A empresa completará o 100% de salario real dende o décimo quinto día para a segunda baixa do ano.
3. A empresa completará o 100% de salario real dende o vixésimo primer día para a terceira e sucesivas baixas do ano.

ARTIGO 12. ROUPAS DE TRABALLO

A roupa de traballo será de uso obrigatorio para todo o persoal e incluírán a entrega de dous chalecos reflectantes.

A empresa facilitará cada 2 anos as seguintes prendas.

CONDUCTORES

ROUPA DE INVIERNO	ROPA DE VERÁN
2 pantalóns	2 pantalóns
2 camisas	2 camisas
1 par de calzado	1 par de calzado
1 anorak	1 xersei
1 roupa de augas	
1 cazadora	
1 gorra	
2 xerseis	

PEÓNS

ROUPA DE INVIERNO	ROPA DE VERÁN
3 pantalóns	2 pantalóns
2 camisas	2 camisas
1 par de calzado	1 par de calzado
1 par de botas de auga	1 xersei
1 anorak	
1 roupa de auga	
1 gorra	
2 xerseis	
1 cazadora	

Tres pares de guantes omes e un de reserva no camiión.

A roupa de verán entregarase o longo do mes de Maio e a roupa de inverno entregarase o longo do mes de outubro.

Cando realizando o traballo a roupa se rompa ou quede inservibel a empresa cambiará por outra nova previa entrega da prenda deteriorada.

CONDICIONS SOCIAIS

ARTIGO 13.—POLIZA DE SEGURO

A empresa suscribirá unha póliza de seguros que garantice as seguintes indemnizacións :

a.—No caso de defunción por accidente laboral ou accidente profesional 18.000 € .

b.—No caso de incapacidade permanente total para a profesión habitual derivada de accidente laboral ou accidente profesional 15.000 €.

c.—No caso de incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez derivada de accidente laboral ou enfermidade profesional 20.000 € .

Os efectos de este título considerase accidente de traballo e enfermidade profesional o sufrido con ocasión da prestación dos servizos para a empresa, incluíndo cando se produza “ in itinere ”.

O titular deberá designar obrigatoriamente ante a empresa e por escrito, os seus propios beneficiarios.

ARTIGO 14.—BOLSA CANCELACION DIFERIDA

A empresa comprométese á citación dun fondo de 5.000 Euros ., para aqueles traballadores que o necesiten poidan solicitar anticipos de cancelación diferida nas seguintes condicións:

A cantidade máxima que poderase anticipar por traballador non poderá exceder de 1.000 Euros

Ditos anticipos deberán solicitarse dentro dos 5 primeiros días hábiles de cada mes, facendo a concensión unha vez aprobada pola Comisión Paritaria o día 15 do mes no que se solicita.

O anticipo será cancelado nun prazo máximo de doce meses retendose dos haberes mensuais de cada traballador os importes dos distintos vencementos.

A primeira retención farase efectiva no mes seguinte naquel no que se concede o anticipo.

Se o traballador antes da total cancelación do anticipo causare baixa na empresa sexa o motivo, descontaráselle da liquidación que poidera corresponderlle a cantidade que lle quedara pendente de amortizar. No suposto que no alcanzase o traballador se compromete a liquidar a cantidade pendente nun prazo máximo de dous meses a contar dende a data pendente da baixa.

ART. 15.—EXCEDENCIAS

1. Traballador con alomenos unha antigüidade na empresa dun ano, terá dereito a que se lle recoñezca unha excedencia voluntaria de catro meses a cinco anos. A empresa reservará o posto de traballo ó traballador en dita

situación, concertando o efecto o contrato de interinidade ou substitución correspondente.

2. Se a excedencia fora solicitada por un prazo inferior a cinco anos, o traballador poderá, previa comunicación a empresa, prorrogar dita anualmente ate conquistar os cinco anos. O traballador avisará á empresa con dous meses de antelación á data prevista para a súa reincorporación o seu posto de traballo.
3. Este dereito só poderá ser exercido de novo polo mesmo traballador unha vez transcurridos catro anos dende o remate da anterior excedencia.
4. En todo o non previsto neste artigo estaráse o establecido con carácter xeral no artigo 46 do estatuto dos traballadores e demais normas vixentes sobre a materia.

ARTIGO 16.—COBERTURA POLA RETIRADA DO CARNE DE CONDUCIR

No suposto da retirada provisional do permiso de conducir, a empresa adaptará ó conductor afectado, a outro posto de traballo conservando a súa categoría e salario durante o prazo que dure a retirada do permiso de conducir este artigo será de aplicación no suposto de que a infracción que derive a retirada do permiso de conducir se produza do desenrolo das funcións que lle foran encomendadas. Estes benéficos non terán lugar cando a infracción que derive da retirada do permiso de conducir, sexa debida a embriaguez, drogadicción ou exista reincidencia. O remate da retirada do permiso de conducir, será reintegrado a súa anterior categoría e posto de traballo.

O resto das categorías que desempeñan as labores de conductor, rexiránse por este artigo.

ARTIGO 17.—SAUDE LABORAL

Dada a importancia que se recoñecen os asinantes á prevención de accidentes, inclúese este capítulo adicado a saúde laboral. E considerando de obrigada aplicación ambas dúas partes a lexislación sobre saúde laboral a tal efecto, elixírase un delegado de prevención, co obxecto de velar polo cumprimento das medidas legais e regulamentarias, así como a posta en práctica do estipulado na lei 31/95, do 8 de Novembro de prevención de riscos laborais.

ARTIGO 18.—MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE

A Dirección da empresa adoptará as medidas de seguridade e hixiene pertinentes como consecuencia do control do lugar de traballo e as instalacións e instrumentos que pon a disposición dos traballadores.

As medidas de prevención afectarán igualmente os traballadores obrigándose a traballar con seguridade e a coidar que os locais e instrumentos de tra-

ballo atopense en perfectas condicións debendo por en coñecemento do delegado de prevención, ou no seu defecto do delegado de persoal todas as anomalías que se detecten para que polo mesmo adoptéanse as medidas oportunas.

ARTIGO. 18 BIS.—FUNCIÓN DO DELEGADO DE PREVENCIÓN

1) As funcións do delegado de prevención serán as seguintes:

- a) Promove-la observancia da disposicións vixentes para a prevención de riscos profesionais.
- b) Fomenta-la colaboración de todo o persoal na práctica e observancia das medidas preventivas e estimula-lo-ensino, divulgación, propaganda de saúde laboral e Riscos Laborais, fundamentalmente do representante dos traballadores.

2) A empresa facilitará os medios de propaganda que considere necesarios a traveso do delegado de prevención a fin de que todo o persoal estea o día sobre as recomendacións, obrigas e prácticas en materia de saúde laboral ou prevención de riscos laborais.

ARTIGO 19.—RECOÑECIMENTO MÉDICO E VACINACIÓN

Anualmente farase a tódolos traballadores un recoñecemento médico de carácter obrigatorio. O recoñecemento médico consistirá como mínimo en:

- Audiometría
- Control da vista
- Análise da sangue
- Análise de orina
- Espiremetría
- Exploración clínica

O resultados do recoñecemento médico entregáranse o traballador

A campaña de vacinación consistirá como mínimo no seguinte:

- vacina contra o tétanos
- vacina contra a hepatite B con análise de sangue previo
- vacina contra a gripe

DEREITOS SINDICAIS

ARTIGO 20. ACCIÓN SINDICALE GARANTÍAS DE CARGOS SINDICAIS

En todo o relacionado con este tema estarase o disposto nos artigos 61 e seguintes do estatuto dos Traballadores, determinándose que cando un representante legal deba saír da empresa para exercer funcións de representación deberá comunicalo á

mesma o día anterior, salvo situacións excepcionais que se terán que xustificar posteriormente. Como xustificante será válido o comprobante dos Organismos Oficiais ou da central Sindical correspondente.

A representación dos traballadores corresponde o delegado de persoal.

O mesmo terá as garantías e competencias establecidas no artigo 64 do E.T. Do mesmo xeito seralle de aplicación as normas sobre sivilo profesional establecidas no artigo 65 do E.T.

Ante posible modificacións substanciais das condicións de traballo efectuadas pola empresa, o amparo do establecido nos artigos 40 y 41 do E.T. a empresa notificará o delegado de persoal para que nun prazo de tres días presente as alegacións en dereito estime oportunas antes do preaviso ó traballador afectado. No caso de presentación ou non de alegacións, o empresa actuará conforme no establecido na lexislación vixente.

Será obrigatorio colocar un taboleiro de anuncios para información sindical que se axustará o disposto no E.T.

Así mesmo, o delegado de persoal disporá dun crédito de 21 horas sindicais mensuais retribuídas para realizar o seu cometido debendo xustificalas adecuadamente así como solicita-la cunha antelación mínima de 25 horas salvo casos excepcionais que poderá solicitarlas fora do prazo establecido.

CONDICIONES SALARIAIS

ARTIGO 21. SALARIOS

As retribucións correspondientes ás distintas categorías do persoal afectado por este convenio fíxanse nas táboas salariais anexas para os anos 2007 y 2008.

O abono dos salarios deberá efectuarse o derradeiro día hábil de cada mes.

Os recibos de nómina deberán ser entregados no centro de traballo.

O salario base do persoal afecto a este convenio será o que para cada categoría se establece na táboa salarial anexa. O salario base devengarase por día natural.

ARTIGO 22. INCREMENTOS SALARIAIS

Establécense os seguintes incrementos salariais :

1.—Ano 2007.—Incremento salarial do IPC real sobre as taboas definitivas 2006 incrementado en un 1% (a empresa comprométese a non reclamar o punto aboado a conta).

2.—Ano 2008.—Incremento salarial do IPC real que consistirá no IPC previsto do ano 2008 con cláusula de revisión salarial ó IPC real do 2.007 incrementado en un 1%.

As taboas salariais pertinentes elaboraránse a finais a principios de ano unha vez coñecidos os IPC reais e o novo IPC previsto, incluíndo xa o 1% a maiores de revisión. A tal fin reunírase a comisión paritaria para a realización das mesmas.

Os atrasos salariais, caso de existir, aboaranse na nómina de Febreiro de cada ano, con efectos retroactivos a un de Xaneiro do ano anterior.

ARTIGO 23.—PLUS DE ANTIGUEDADE

A partires do 1 de xaneiro do ano 2002, deixará de devengarse o deslizamento de antigüedad anual, conforme as táboas existentes no ano 2001. Por tal motivo, crearase un plus chamado de antigüedad consistente na cantidade que a data de firma do Convenio, viñeran disfrutando cada un dos traballadores.

Todos os traballadores que alcancen 3 anos de antigüedad na empresa, e non tiveran cobrado antigüedad, terán dereito o abono do citado plus de antigüedad por importe dun trienio. A cantidade mensual quedará reflexada en taboas.

ARTIGO 24.—PAGAS EXTRAORDINARIAS

O personal afectado por este convenio percibirá as gratificacións extraordinarias correspondientes a xullo e nadal, na contía, cada unha delas, dunha mensuralidade de salario base do convenio máis plus de antigüedad, no seu caso.

Ditas pagas extraordinarias de xullo e nadal percibiránse na súa integridade, independentemente de que a traballador tivera estado en situación de IT durante o período de devengo de cada unha delas, as pagas de xullo e do nadal aboaranse entre os días 10 e 20 dos respectivos meses.

Igualmente percibirán no día 10 de marzo unha paga, na contía dunha mensuralidade de salario base de convenio, máis a antigüedad, no seu caso. Dita paga haberá de referirse o ano natural anterior, aboándose a prorrata dos días traballados. Non obstante o anterior, esta paga percibirase na súa integridade, independentemente de que o traballador/a estivera en situación de IT durante o período de devengo de dita paga.

Establécese en substitución do denominado plus antiabsentismo unha 4ª paga para todo o persoal por importe para os anos 2007 e 2008 de 250 euros cada ano, que se aboará no mes de setembro.

O devendo da paga farase de Janeiro a decembro do ano en curso.

ARTIGO 25.—PLUS TRANSPORTE

Os traballadores percibirán un plus transporte nas cantidades e días reflexadas na táboa salarial

ARTIGO 26.—PLUS DE TOXICIDADE, PERIGOSIDADE

Os traballadores percibirán un plus toxicidade e perigosidade nas cantidades e días reflexadas na táboa salarial .

A partir do 01/01/2006 o plus Tóxico supondrá unha porcentaxe do 22% do salario base.

ARTIGO 27.—PLUS DE NOCTURNIDADE

Os traballadores percibirán un plus de nocturnidade nas cantidades e días reflexadas na táboa

A partir do 01/01/2002 o plus nocturno supondrá unha porcentaxe do 25% do salario base.

ARTIGO 28.—FESTIVOS TRABALLADOS

A comisión paritaria elaborará unha lista de traballadores que de xeito voluntario acepten traballar un festivo, cando coincidan dous consecutivos, sempre que non sexa un Domingo o día a traballar. Aquel traballador que , incluído na lista, non se presente no traballo, quedará automaticamente eliminado de ela. Este festivo traballado terá unha retribución de 60 € ou se compensará en outro día de descanso a elección do traballador. Esta cantidade verase reflexada na nómina como “complemento festivo” e será cotizable.

ARTIGO 29.—XUBILACIÓN

Os/as traballadores/as que cumpran e idade de 64 anos e demais requisitos esixidos poderán acollerse a modalidade de xubilación determinada no Real Decreto Lei 14/1981 do 20 de Agosto e real decreto 1194/85, estando as empresas obrigadas a contratar simultaneamente no lugar sa/o xubilado/a outro traballador/a que sexa titular de derito a calquera das prestacións económicas de desemprego ou xove demandante de rpimeiro emprego, tal y como dispoñen as normas citadas.

Quedará pendiente para o vindeiro convenio chegar a un acordo en incorporar premios anticipados por xubilación.

ARTIGO 30.—ANTICIPOS

O persoal que o solicite por escrito terá dereito a percibir un anticipo a conta do traballo realizado durante a mensuralidade na que a solicita, por importe máximo ate un 80% do salario devengado.

Os anticipos concederanse o día 18 de cada mes solicitados con alomenos 24 horas de antelación.

OUTRAS CONDICIÓN S

ARTIGO 31.—ADSCRICION DO PERSONAL

O obxecto de contribuir e garantir o principio de estabilidade no emprego, a absorción do personal entre quens se suceden, mediante caliques das

modalidades de contratación de xestión de servizos públicos, contratos de arredamento de servizos ou de outro tipo, nunha concreta actividade das reguladas no ámbito funcional do presente convenio, levarase a cabo nos termos indicados no presente artigo e seguintes.

No sucesivo, o termo contrata engloba con carácter xenérico calquera modalidade de contratación, tanto pública como privada, e identifica unha concreta actividade que pasa a ser desempeñada por unha determinada empresa, sociedade u organismo público.

a) En todo-los supostos de remate, perda, rescisión ou rescate dunha contrata, así como respecto de calquera outra figura ou modalidade que supoña a substitución entre entidades, personas físicas ou xurídicas que levan a cabo a actividade de que se trate, os traballadores da empresa saínte pasarán a adscribirse á nova empresa ou entidade pública que vaia a realizar o servizo, respetando esta os dereitos e obrigacións que disfruten na empresa substituída. Producirase a mencionada subrogación de personal sempre que se dea algún dos seguinte supostos:

- 1) Traballadores/as en activo que presten os seus servizos na contrata cunha antigüedad mínima dos catro últimos meses anteriores ó remate efectivo do servizo, sexa cal fora a modalidade do seu contrato de traballo, con independencia de que, con anterioridade o citado período de catro meses, houberan traballado noutra contrata.
- 2) Traballadores/as , con dereito a reserva do posto de traballo, que no momento do remate efectivo da contrata teñan unha antigüedad mínima de catro meses na mesma e se atopen enfermos, accidentados, en excedencia, vacacións, permiso, descanso maternal, servizo militar ou situacións análogas.
- 3) Traballadores/as que con contrato de interinidade, substituirán a algún dos traballadores nomeados no apartado segundo, con independencia da súa antigüedad e mentra dures o seu contrato.
- 4) Traballadores/as de novo ingreso que por esixencias do cliente se incorporarán á contrata de servizos públicos como consecuencia dunha ampliación , nos catro meses anteriores ó remate daquela.
- 5) Traballadores que substitúan a outros que se xubilen, habendo cumprido 64 anos dentro dos catro derradeiros meses anteriores ó remate efectivo da contrata e teñan unha antigüedad mínima na mesma dos catro meses anteriores á xubi-

lación, sempre que esta esté pactada en convenio colectivo estatutario de ámbito inferior, en virtude do R.D. 1191/85, do 17 de Xullo.

- b) Todos os supostos anteriormente contemplados, deberán acreditarse verídica e documentalmente pola empresa ou entidade pública saínte á entrante, mediante os documentos que se detallan no artigo 30 no prazo de dez días hábiles contados dende o momento en que , ben a empresa entrante, ou a saínte, comunique verídicamente a outra empresa o cambio na adxudicación do servizo.
- c) Os traballadores que non disfrutaran as vacacións reglamentarias ó producirse a subrogación as disfrutarán coa nova adxudicataria do servizo, que soio abonara a parte proporcional do período que a ela correspondía, xa que o abono do outro período corresponde o anterior adxudicatario, que deberá facelo na correspondente liquidación.
- d) A aplicación de este artigo será de obrigado cumprimento para as partes a que vincula: empresa ou entidade pública ou privada cesante, nova adxudicataria, cliente o traballador.

Se o cliente rescindira a contrata a unha empresa para deixar de prestar o servizo, o realiza-lo por si mesmo, operará a subrogación para o propio cliente nos termos sinalados neste artigo.

DIVISIÓN DE CONTRATAS

No suposto de que unha ou varias contratas cuia actividade ven sendo desenvolada por unha ou distintas empresas ou entidades públicas se fragmente ou dividan en distintas partes, zonas ou servizos ó obxecto de seu posterior adxudicación , pasarán a ser adscritos o novo titular aqueles traballadores que houberan realizado seu traballo na empresa saínte nas concretas partes, zonas ou servizos resultantes da división producida, cun período mínimo dos catro derradeiros meses, sexa cal fora a súa modalidade de contrato de traballo, e todo elo aún cando con anterioridade houberan traballado noutras zonas, contratas ou servizos distintos.

Subrogaranse asimesmo os traballadores que se atopen nos supostos 2 e 5, amolos dous inclusive, do artigo 30 e que haxan realizado o seu traballo nas zonas, divisións e servizos resultantes.

AGRUPACIÓN DE CONTRATAS

No caso de que distintas contratas , servizos , zonas ou división de aquelas se agrupen nunha ou varias, a subrogación do persoal operará respecto de todos os aqueles traballadores que , con independencia da modalidade do seu contrato de traballo, haxan realizado seu traballo nas que resulten agrupadas cun tempo mínimo dos catro meses e todo elo

aún cando non anterioridade houberan prestado os seus servizos nas contratadas, zonas, divisións ou servizos agrupados.

OBRIGATORIEDADE

A Subrogación de personal, así como os documentos a facilitar, operarán en todos os supostos de substitución de contratadas, partes, zonas ou servizos que resulten da fragmentación ou división das mesmas, así como nas agrupacións que de aquelas poidan efectuarse, aun tratándose das normais substitucións que se produzan entre empresas ou entidades públicas ou privadas que leven a cabo a actividade dos correspondentes servizos, e elo aun cando a relación xurídica se estableza soio entre que adxudica o servizo por un lado e a empresa que resulte adxudicataria por outro, sendo de aplicación obrigatoria, en todo caso, a subrogación de personal, nos termos indicados e elo con independencia tanto da aplicación, no seu caso, do previsto no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores, como da existencia por parte do empresario de outras contratadas alleas á que é obxecto de sucesión.

DOCUMENTOS A FACILITAR POLA EMPRESA SAINTE Á EMPRESA ENTRANTE

A empresa saínte deberá facilitar á entrante os seguintes documentos:

- Certificado dos organismo competente de estar ó corrente no pago á Seguridade Social
- Fotocopia das catro últimas nóminas mensuais dos traballadores afectados
- Fotocopias dos TC-1 e TC-2 de cotización a Seguridade Social dos catro últimos meses.
- Relación de persoal na que se especifique nome e apelidos, domicilio, número de afiliación a Seguridade Social, antigüidade, categoría profesional, xornada, horario, modalidade da súa contratación e data de disfrute das súas vacacións. Se o traballador é representante legal dos traballadores, especificarase o período de mandato do mesmo.
- Fotocopia dos contratos de traballo do persoal afectado pola subrogación
- Copia de documentos debidamente dilixenciados por cada traballador afectado, no que se faga constar que este recibiu da empresa saínte a súa liquidación de partes proporcionais, non quedando pendente cantidade ningunha. Este documento deberá estar en poder da nova adxudicataria na data de inicio do servizo da nova titular.

ARTIGO 32.—ALTAS NA SEGURIDADE SOCIAL

A empresa estará obrigada a entregar os/as traballadores/as fotocopia da mesma na Seguridade Social, para o que disporá dun prazo de dúas semanas dende a súa incorporación ó traballo.

ARTIGO 33.—ASEMBLEAS

Os traballadores dunha mesma empresa terán dereito a reunirse en asemblea, unha vez ó mes por un tempo máximo de dúas horas durante a xornada debendo de comunicar á empresa a súa celebración cunha antelación de 48 horas, salvo situacións excepcionais de conflito ou folga, na que bastará con preavisar con 24 horas de antelación

ARTIGO 34.—AXUDA FAMILIAR

Os traballadores afectados por este convenio que teñan ó seu cargo a unha persoa diminuída síquica ou física, de acordo coas estipulacións requiridas pola Seguridade Social, e previa xustificación, percibirán un complemento extrasalarial de 39,07 € por doce pagas.

ARTIGO 35.—FESTIVO DOS TRABALLADORES

Este día se considera non laborable e se considerará como festivo.

Se o día coincide en festivo ou en domingo, os traballadores disfrutarán o festivo no día anterior ou posterior.

Ambas partes acordan instaurar o día 3 de Novembro, San Martiño de Porres, como festivo dos traballadores de xeito similar a o resto de colectivo..

ARTIGO 36.—PARTES ASIGNANTES

As partes asinantes do presente Convenio son a representación dos traballadores, e a Central Unitaria de Traballadores (C.U.T.).

Pola parte empresarial asina Urbaser S.A.

DISPOSICIÓN ADICIONAL I

En todo o non previsto no vixente convenio estarase ó disposto no convenio xeral do sector, Estatuto dos Traballadores e demais lexislación vixente na materia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL II

As partes asignantes acordan crear dúas novas categorías correspondentes o peon que, con contrato de peon fai labores de conductor (vehículos de máis de 3.5 tn) de forma habitual e que pasará a chamarse Peon-conductor e máis a de peon que fai labores de organización do traballo e toma de decisión cando non están outros mandos da empresa que pasará a chamarse Peon-Xefe de equipo.

Os salarios de estas dúas categorías quedarán determinados polas taboas salariais anexas.

TABOIA SALARIAL DEFINITIVA ANO 2006

	Salario Base	Transporte	25% Nocturno	22% Pen/Peligroso
Encargado-Conductor	32,06	4,21	8,02	7,05
Peón-Xefe de equipo	26,26	4,21	6,57	5,78
Conductor	26,26	4,21	6,57	5,78
Peón-Conductor	26,26	4,21	6,57	5,78
Peón	24,27	4,21	6,07	5,34

Devengo por antigüidade para traballadores que alcancen 3 anos na empresa

Antigüidade consolidada peón 32,76

Antigüidade consolidada conductor 34,93

Vigo, a 21 de febreiro de 2008.—O Delegado Provincial, Pedro Borrajo Rivas. **2008002401**

REVISIÓN SALARIAL

Vista a acta da Táboa salarial para o ano 2008 e xornada laboral 2008 do convenio colectivo da empresa THYSSENKRUPP ELEVADORES, SL, con nº de código 3604242, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 11-02-2008, subscrita pola comisión paritaria do convenio en data, 31-01-2008, e de conformidade co disposto nos artigos 9º e 20º do convenio colectivo, e no art. 90, 2 e 3, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordenar o seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.—Dispoñer a súa publicación, no “Boletín Oficial” da provincia.

Acta de la reunión de la Comisión Paritaria del Convenio Colectivo de la Empresa ThyssenKrupp Elevadores S.L. de Pontevedra, celebrada el día 31 de Enero del año 2.008.

POR LA EMPRESA

D. Jesús Flamarique Izaguirre

D. Carlos Lis González

POR LOS DELEGADOS DE PERSONAL

D. Roberto Fariña Moreiras

D. Manuel Gago Alvarez

D. José González Alvarez

Reunidos en la empresa, se celebra la reunión de la Comisión Paritaria del Convenio Colectivo de la Empresa ThyssenKrupp Elevadores S.L., de Pontevedra, a la que asisten las personas relacionadas en el encabezamiento,.

ACUERDAN:

AÑO 2008

- Jornada de trabajo 1.776 horas efectivas. (artículo nº 9).
- Salarios (Artículo nº 20). Aprobar las tablas para el año 2.008, aplicando el I.P.C. Previsto del 2 % más el 0,75 %, siendo el acuerdo la aplicación del I.P.C. real, más el 0,75%, situación que se regularizará si procede, cuando sea publicado por el Instituto Nacional de Estadística u Organismo que lo regule.
- Plus de Antigüedad (artículo nº 21º) Misma aplicación que Salarios.
- Para el resto de los conceptos:
- Horas Extraordinarias (artículo nº 16)
- Primas o Incentivos (artículo nº 22).
- Complemento de Pagas Extraordinarias (artículo nº 24)

El porcentaje de aplicación será el 4,20 %.

Sin más asuntos que tratar se levanta la sesión en la fecha indicada en el encabezamiento.

DELEGACION PONTEVEDRA

TABLAS SALARIALES EMPLEADOS AÑO 2008

ANEXO I

CATEGORÍA PROFESIONAL	NIVEL RETRIBUTIVO	SALARIO	IMPORTE TOTAL
		BASE MES €	AÑO (14 meses) €
OFICIAL 1.ª ADVO.	A	1.598,38	22.377,32
	B	1.489,88	20.858,32
OFICIAL 2.ª ADVO.	A	1.438,50	20.139,00
	B	1.335,75	18.700,50
AUXILIAR ADVO.		1.233,00	17.262,00

NOTA: Aplicado I.P.C. Previsto 2 % + 0,75 % Acuerdo Convenio Empresa TKE.

A Aplicar I.P.C. Real + 0,75 % Acuerdo Convenio Empresa TKE.

El concepto Plus de Antigüedad, se abonará con los mismos criterios como hasta la fecha.

DELEGACION PONTEVEDRA

TABLAS SALARIALES EMPLEADOS AÑO 2008

ANEXO I

CATEGORÍA PROFESIONAL	SALARIO BASE día €	IMPORTE TOTAL AÑO (14 meses) €
OFICIAL 1ª	47,27	20.089,75
OFICIAL 2ª	43,16	18.343,00
OFICIAL 3ª	40,07	17.029,75

NOTA: Aplicado I.P.C. Previsto 2 % + 0,75 % Acuerdo Empresa = 2,75

A Aplicar I.P.C. Real + 0,75 % Acuerdo Empresa

El concepto Plus de Transporte, Plus de Peligrosidad, etc, están incluidos en el Salario día.

El concepto Plus de Antigüedad, se abonará con los mismos criterios como hasta la fecha.

Vigo, a 21 de febreiro de 2008.—O Delegado Provincial, Pedro Borrajo Rivas. **2008002363**

REVISIÓN SALARIAL

Vista a acta das táboas salariais 2007/2008 do convenio colectivo do sector de INDUSTRIAS E DESPACHOS DE PANIFICACIÓN, CONFITARÍA, PASTELARÍA, REPOSTARÍA E PRATOS PREPARADOS, con nº de código 3604185, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 02-04-2008, subscrita pola comisión mixta negociadora do convenio en data 21-02-2008, e de conformidade co disposto no artigo 13º do convenio colectivo, e no art. 90, 2 e 3, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordenar o seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.—Dispoñer a súa publicación, no “Boletín Oficial” da provincia.

ASISTENTES

Comisiones Obreras (CC.OO)

— Mercedes Carrera González

— José Manuel Gonzalez

Unión General de Trabajadores (U.G.T.)

— Ignacio Couñago Lara

Confederación Intersindical Galega (C.I.G.)

— Luciano Villar González

Asociación Provincial Industrial Panificación y Pastelería de la provincia de Pontevedra (APROINPPA).

— Antonio Gutierrez Solla

En Vigo y en los locales de la Asociación Provincial de Industrias de Panificación y Pastelería de la Provincia de Pontevedra (Aproinppa), siendo las 18,00 horas del día 21 de Febrero de 2008, se reúnen las personas que al margen se detallan, como representantes de la Comisión Mixta negociadora del Convenio Colectivo Provincial Sectorial de las Industrias de Panificación y Pastelería de la Provincia de Pontevedra con el fin de tomar el siguiente:

ACUERDO:

Se declara constituida la mesa de la Comisión Mixta Negociadora del Convenio Colectivo del Sector de Panificación y Pastelería de la Provincia de Pontevedra, para el ejercicio 2006/2007/2008, con los firmantes al margen.

Tras varias deliberaciones se aprueba por todas las partes las Tablas Salariales adjuntas correspondientes a los ejercicios del 2007 y 2008 del Convenio Colectivo denominado “Convenio Colectivo del sector de Industrias y Despachos de Panificación, Confeitería, Pastelería, Repostería y platos preparados de la Provincia de Pontevedra”, el cual será de aplicación para los ejercicios 2007 y 2008.

Y no habiendo más asuntos que tratar se da por finalizada la reunión, siendo las 19:00 horas del mismo día.

ANEXO I

TABLA SALARIAL EN VIGOR PARA CONTRATOS CELEBRADOS A PARTIR DE 1 DE ENERO DE 2007

TABLA 2007/2008

Datos en euros/mes

Categoría	Salario mes 2007	Revisión salario mes 2007	Revisión salario mes 2008
TÉCNICOS			
Jefe de Fabricación	954.00	984.53	1.018.99
ADMINISTRATIVOS			
Gerente/Administrador	942.39	972.54	1.006.58
Jefe de Oficina y Contabilidad	902.00	930.86	963.44
Oficial Administrativo	764.00	788.45	816.04
Auxiliar Administrativo	678.17	699.87	724.37
PERSONAL DE OBRADOR			
Maestro/Encargado	942.39	972.54	1.006.58
Oficial de Primera	872.00	899.90	931.40
Oficial de Segunda	771.00	795.67	823.52
Ayudante/Auxiliar	735.00	758.82	785.07
Aprendiz	656.00	676.99	700.69